

## O QUE MÁIS QUERO

*Os motivos da miña saída son ben claros: os meus patentes sentimentos galeguistas e republicanos tan cruelmente perseguidos pola xustiza dun país dominado por unha sociedade conservadora e rancia.*

Non me quedou outra saída, tiven que facelo, xa non había volta atrás, a decisión estaba tomada.

O máis duro e difícil de superar foi a separación dos meus seres queridos, dos meus amigos, da xente que sempre me apoiou de forma incondicional.

A dor que sentía no peito coma se tivese un puñal cravado, ou eses momentos de soidade nos que aproveitaba para pensar e dar sentido á miña nova vida, non eran máis que síntomas de desesperación e rabia.

O xornal anunciou a miña morte unha mañá xeada de inverno, non foi doado, pero xa pasaron sete anos e a xente esqueceu.

Desaparecín por defender o que máis quero.

Lucía Fernández Gándara 2ºB